



# “Proxectos de traballo”

Planificando , deseñando e poñendo en práctica tarefas nas aulas

Óscar Abilleira Muñiz - novembro 2015

# Que é un proxecto de traballo?

- É un tipo de tarefa na que se leva a cabo na aula unha investigación para dar resposta unhas preguntas concretas plantexadas polo grupo. A temática pode ser calquera.
- Parten das ideas previas do alumnado e das preguntas que xorden das mesmas.
- Lévase a cabo un traballo con diferentes fontes de información para atopar as respostas ás preguntas
- Traballase en grupo a meirande parte do tempo (traballo cooperativo)
- Trabállanse elementos do currículum organizando os exercicios e actividades en torno ó proxecto e ó producto final.





# Nun proxecto de traballo...



* O alumno é partícipe e protagonista durante todo o proceso.
* É tan imporante (se non máis) o proceso de traballo que se leva a cabo que dar resposta as preguntas
* Traballamos as C.C. como en toda tarefa, pero especialmente a de aprender a aprender xa que estamos a desenvolver no alumnado diferentes estratexias de plantexamento de preguntas, formulación de hipóteses, busca de información...
* Séguense os pasos do método científico (da hipótese ata a tese)
* É vivo e dinámico, como a vida da aula, é dicir está aberto a cambios en todo momento.

# Fases dun proxecto de traballo:

* Eleximos/xorde tema e producto final
* Que sabemos?
* Que queremos saber?
* Onde e como imos buscar?
* Como nos imos organizar?
* Investigamos
* Como llo contamos ó mundo?
* Descubrimos o que aprendimos



[Descarga información sobre os proxectos de traballo]

# Como se fixo o mundo?

* Este proxecto xorde a partir dun terremoto con epicentro en Campo Lameiro, o que deu lugar a moitas preguntas ó respecto.
* Ó plantexar unha votación sobre que queren investigar eleximos "como se fixo o mundo"
* Plasmamos todo o proceso do proxecto nun mural, o que permite que sexan conscientes do proceso e localicen en todo momento a fase na que nos atopamos



# Que sabemos?




A través do diálogo, choiva de ideas ou calquera outra técnica o alumnado manifesta o que sabe sobre o tema. As ideas previas srán as que se reconstrúan coa nova información que vaian conseguindo.

# Que queremos saber?




Ó mesmo tempo que se van plantexando as ideas previas van xurdindo preguntas, (elaborar as preguntas) moitas veces como resultado de "ideas enfrontadas" entre eles, novamente o plamámolo no mural.

# Onde buscamos?

Imos anotando no mural as distintas fontes de información que coñecen e que poderemos usar, argumentando de que xeito






Escribimos unha carta ás familias pedindo información (a outras aulas, organismos...)

# Organizando a información

Toda a información que imos traendo, conseguindo ou atopando, organizámola no recanto da investigación, onde está sempre dispoñible.







No recanto de infantil da web tamén existe un apartado para os vídeos e imaxes de información.

# Como nos organizamos?

* Para cada proxecto cambiamos os nosos equipos cooperativos, de xeito que poden cambiar dúas ou tres veces no curso.

* Para cada actividade ou exercicio dentro do proxecto distribúese o traballo entre os diferentes equipos.

* Cada equipo leva a cabo, cando remata cada proposta, unha autoavaliación figuro-analóxica do seu funcionamento como equipo.





# Compartindo descubrimentos




Cada equipo encárgase de investigar sobre una das preguntas (a través dos exercicios y e actividades que se propoñan), unha vez rematada transmítenlle ós restantes compañeiros as respostas que atoparon.

# O mural da investigación



Todo o que imos descubrindo vaise incluíndo no mural da investigación de xeito que se teña unha visión de conxunto de cada unha das fases. A medida que atopamos unha resposta imos marcándooa como tal no listado.

# O dosier da investigación

* A nivel individual cada un vai elaborando, durante o proxecto, o seu dossier coas respostas ás preguntas plantexada, a través de diferentes actividades e exercicios.




Descarga un exemplo de dossier deste proxecto

# Información de outros compañeiros



Os alumnos de cuarto curso encargáronse de facernos una "exposición" de como se "facían os ríos e os mares"... que eran dúas preguntas que tiñamos plantexadas.

# Experimentando para atopar respostas

Para atopar a resposta á pregunta de "de que cor é o mar" levamos a cabo un experimento científico.





Formulamos hipóteses previas, levamos a cabo o experimento e formulamos unha tese final.

# Contándollo ó mundo

* Empregamos a web do centro como plataforma para comunicar ás familias o descuberto.

* Contámosllo ós compañeiros e compañeiras da outra aula (eles contáronnos o seu)

* O mural espuxose no corredor para que todos puidesen consultalo.

* Nesta ocasión faltou levar a cabo algunha outra actividade para dar a coñecer os resultados, como si facemos actualmente nos proxectos (xornada de portas abertas coas familias, crear un vídeo, facer unha exposición...)





# Descubrindo o que aprendimos

* Cando rematamos de respostar tódalas preguntas voltamos ás ideas previas que dixeramos ó principio.

* Marcamos cun gomet verde as ideas que cremos correctas e de vermello aquelas que pensamos eran incorrectas ou incompletas.

* Anotámolo co mesmo código de cores nunha folla para o noso dosier.











# "Investigamos sobre o espacio I"







# "Investigamos sobre o espacio II"

Planificando , deseñando e poñendo en práctica tarefas nas aulas
Óscar Abilleira Muñiz - novembro 2015








# "O corpo humano I"







# “O corpo humano II”

# Outros proxectos de traballo..



Descubrindo a prehistoria



Os faraóns e Exipto



Arqueólogos e dinosauros



Xornada de portas abertas sobre a prehistoria



Facemos unha película como as de Chaplin




# Outros moitos exemplos de proxectos traballo no recanto de infantil da web do centro

http://centros.edu.xunta.es/ceippedroantoniocervino

# CC-BY-NC-SA

CC: Creative Commons
BY: recoñecemento do autor
NC: non comercial
SA: compartir igual